

Máis vale previr que lamentar

Para estar seguro,  confía no teu corredor.

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos.

Coidado! Ti tes a culpa cando atropelas un animal, si ou si!



Xoves, sete da tarde e de noite porque estamos no inverno. Vas conducindo tranquilamente pola estrada e cruzan 5 xabaris: o pai, a nai e 3 crías de xabaril. Nalgunha parte liches que é mellor non dar un xiro brusco co volante e continuar recto. Pisas o freo ata o tope e... ZAS! Adeus familia de xabaris e adeus ao teu coche. Encóntraste ben.

Saltou o airbag e, aínda que non che sae o susto do corpo, afortunadamente viaxabas só porque o asento do copiloto está esnaquizado.

Segundo a reforma da Lei de tráfico e seguridade viaria, introducida pola Lei 6/2014 "en accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinexéticas nas vías públicas será responsable dos danos a persoas ou bens o condutor do vehículo, sen que poida reclamarse polo valor dos animais que irrompan naquelas. Non obstante, será responsable dos danos a persoas ou bens o titular do aproveitamento cinexético ou, no seu defecto, o propietario do terreo, cando o accidente de tráfico sexa consecuencia directa dunha acción de caza colectiva dunha especie de caza maior levada a cabo o mesmo día ou que concluíse doce horas antes daquel. Tamén poderá ser responsable o titular da vía pública na que se produza o accidente como consecuencia

de non ter reparado o valo de cerramento no prazo, se é o caso, ou por non dispoñer da sinalización específica de animais soltos en tramos con alta accidentalidade por colisión de vehículos con estes."

Olo ao dato! Un 94% dos condutores vimos animais na estrada. A metade encontrámonos en situación de perigo por un animal e aproximadamente un 6% de condutores tivo un accidente, o que supón máis de **17.000 accidentes ao ano que causaron falecidos e feridos graves ademais de danos materiais.**

Na práctica, os condutores que sufran un accidente por esta causa, aínda que non incumpran ningunha norma de circulación, non recibirán indemnización ningunha se resultan feridos; en caso de falecemento tampouco a recibirán as súas familias. E ademais, serán tamén responsables fronte aos ocupantes do seu coche que resulten lesionados ou mortos. En todo caso tanto para cubrir os danos propios do teu vehículo, coma para cubrir o condutor hai solucións que podemos ofrecerche. Non dubides en consultarnos.

"Prohibido obrigar". O Banco de España advirte sobre os seguros de "desemprego" na banca.

O Banco de España alertou sobre a venda bancaria de seguros de protección de pagamentos, que garanten o aboamento das cotas dun préstamo en casos de desemprego, incapacidade laboral, enfermidade ou falecemento.

A "Memoria do servizo de reclamacións 2013", afirma que "o principal motivo de reclamación adoita ser a comercialización de seguros de protección de pagamentos que non se adaptan ás condicións do reclamante no momento da contratación". É dicir, contrataran un seguro que non puideron cobrar porque non reunían os requisitos cando o subscribiron.

Por iso, o Banco de España, considera que "a entidade debe velar polos intereses do seu cliente e identificar os casos nos que non cumpre as condicións pactadas", considerando algunhas actuacións bancarias como "non conformes coas boas prácticas e usos financeiros".

Só o seguro de incendio é "obligatorio"

Cando asinas unha hipoteca, o banco adoita obrigarche a contratar diferentes produtos. **Debes saber que só o seguro de incendio (para o continente) é obrigatorio pola Lei hipotecaria** porque o inmovible constitúe a garantía de cobramento. Non obstante, **o teu banco non pode obrigarte a contratar coa súa entidade aseguradora, e tampouco pode obrigarte a contratar seguros "vinculados", pois TI DECIDES.** A Unión Europea aprobou unha directiva neste sentido, á que debe adaptarse España antes de abril de 2016.

Aprende a deicir NON. Analizamos Analizamos as túas necesidades, compararemos entre todas as opcións, e poderás elixir a que máis se axuste ás túas circunstancias. **Nós podemosche axudar dunha forma obxectiva.**

Máis vale previr que lamentar

Boletín Mensual / Nº 23 / Xaneiro 2015

Novo Regulamento de Circulación 2015 Por unha Europa máis segura



Ano novo, Regulamento de circulación novo. Nos próximos meses entrará en vigor unha nova reforma ditada por Bruxelas para unificar os países da Unión Europea. O espírito é incrementar a seguridade e fortalecer a convivencia dentro dos municipios entre vehículos a motor, bicicletas e peóns.

Bicicletas

En zonas urbanas, o límite de velocidade máximo é 30 km/h e será obrigatorio levar casco con menos de 16 anos. En vías interurbanas, TODOS (maiores e menores de 16 anos) estamos obrigados a levar o casco. Por suposto que non podes beber, non debes levar auriculares e non podes falar polo móbil.

Motocicletas e ciclomotores

Desaparece a non utilización do casco por "exención médica" e prohibese o uso de cascos "certificados" non homologados. Excepcionalmente poden circular como acompañantes maiores de 7 anos cando estes vehículos estean conducidos polos seus pais, titor legal ou maiores de idade autorizados.

Coches

Desaparece a non utilización do casco por "exención médica" e prohibese o uso de cascos "certificados" non homologados. Excepcionalmente poden circular como acompañantes maiores de 7 anos cando estes vehículos estean conducidos polos seus pais, titor legal ou maiores de idade autorizados.

Velocidade

Autovías y autoestradas: segue o límite xenérico de 120 km/h aínda que haberá tramos de 130 km/h indicados por paneis luminosos. Non serán fixos xa que cambiarán segundo as condicións da estrada.

Estradas convencionais: Baixa a velocidade de 100 a 90 km/h cando sexa de menos de 6,5 metros (antes aplicábase a regra da beiravía). Se a vía é de menos de 6,5 metros de ancho a velocidade pasa de 90 a 70 km/h. O último caso son estradas estreitas sen liñas de separación cuxa velocidade será de 50 km/h (antes 90 km/h).

Vías secundarias sen pavimentar: velocidade máxima de 30 km/h.

En vía urbana: baixará a 30 km/h se só hai un carril no mesmo sentido e a 20 km/h en caso de que só exista unha beirarrúa na devandita vía.

Outros cambios

- **Detección drogas.** O procedemento xeral será a detección de saliva en controis preventivos.
- **Rexistro de apoderamientos DXT.** As persoas físicas ou xurídicas poderán inscribir os poderes que outorgan a terceiros para actuar (en xestión de multas, cambios de titularidade...)

Anécdota



"Camiñar pode salvarche a vida" Unha aseguradora págache por camiñar 10.000 pasos ao día

As compañías de seguros, ademais de protexer os teus riscos, queren que vivas moitos anos. Tras os teus familiares e amigos, son as máis interesadas en coidar a túa saúde.

En Estados Unidos, a "start-up" neiorquina Oscar Insurance entrégalles unha pulseira aos seus clientes para contabilizar as distancias que percorren a pé, e márcalles obxectivos diarios. **Cada día que conseguen unha etapa completa, cobran 1 dólar**, cun máximo de 20 dólares mensuais en tarxetas de regalo Amazon. A meta prevista é camiñar 10.000 pasos ao día, aproximadamente 8 quilómetros.

Mesmo, desenvolveron unha aplicación para "smartphone" con conta-pasos. Segundo a Sanidade Pública estadounidense, **"se dás uns 10.000 pasos diarios, alterarás a maioría de causas de mortalidade principais como a obesidade, a diabeto ou a presión arterial"**.

As aseguradoras pagan 1.715 millóns diarios por seguros de Vida

Durante 2013, segundo o estudo "European Insurance in Figures" publicado por **Insurance Europe**, o sector aboou **952.000 millóns a persoas e empresas de Europa**.

Da cantidade total, a maior parte estivo dedicada a seguros de **Vida (626.000 millóns)**. Non Vida reuniu 326.000 millóns en indemnizacións (**103.000 millóns por Autos, 97.000 millóns por Saúde e 57.000 millóns en Danos**).

Esta elevada cantidade de pagamentos demostra a importante contribución do sector asegurador á sociedade e manifesta a saúde e solvencia desta industria.

Investigación